



www.oqueleo.com

Título orixinal: MATILDA

© 1988, Roald Dahl Story Company.

Roald Dahl é unha marca rexistrada de The Roald Dahl Story Company Ltd.

© 1988, Quentin Blake

© Da tradución: 1990, X. Miguel Barros

© Desta edición:

2019, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-05-1

Depósito legal: M-1073-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Segunda edición: febreiro de 2019

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Fran Ameixeiras, Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega
e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Matilda

Roald Dahl

Ilustracións de Quentin Blake

oqueleo

Para Michael e Lucy

A lectora de libros

9

Pasa unha cousa moi graciosa coas nais e cos pais. Inda que o seu fillo sexa o ser máis repugnante que un poida imaxinar, cren que é marabilloso.

Algúns pais inda van máis lonxe. A súa adoración chega a cegalos, e están convencidos de que o seu tesouro ten calidades de xenio.

Ben... tampouco ten nada de malo. A xente é así. Só cando os pais empezan a falarnos das marabillas da súa descendencia é cando berramos: «Tráíanme unha almofía! Vou devolver!».

Os mestres pásano moi mal tendo que escoitar estas parvadas de pais orgullosos, pero normalmente desquítanse cando chega a hora das notas finais do curso. Se eu fose mestre idearía orixinais comenta-




rios para fillos de pais imbéciles. «O seu fillo Maximilian», escribiría, «é un auténtico desastre. Espero que teñan vostedes algún negocio familiar cara ao que o poidan orientar cando remate a escola, porque é seguro, como hai inferno, que non encontrará traballo en sitio ningún». Ou, se me sentise inspirado ese día, podería poñer: «Os saltóns, curiosamente, teñen os órganos auditivos a ambos os dous lados do abdome. A súa filla Vanessa, a xulgar polo que aprendeu neste curso, non ten órganos auditivos».






Podería, incluso, rebuscar máis profundamente na historia natural e escribir: «A chicharra pasa seis anos baixo terra como larva e, como moito, *seis* días como animal libre á luz do sol e ao aire. O seu fillo Wilfred pasou seis anos como larva nesta escola e inda estamos esperando que saia da crisálida». Unha nena especialmente odiosa quizais me incitase a dicir: «Fiona ten a mesma beleza glacial ca un iceberg; pero, ao contrario do que sucede con este, non ten nada debaixo da superficie». Estou seguro de que gozaría escribindo os informes de fin de curso dos malandríns da miña clase. Pero disto xa abonda. Temos que seguir.

11



Ás veces tópanse un con pais que se comportan de xeito totalmente oposto. Pais que non demostran o máis mínimo interese polos seus fillos e que, naturalmente, son moito peores ca os que senten un cariño delirante. O señor e a señora Wormwood eran deses. Tiñan un fillo, Michael, e unha filla, Matilda. Á nena os pais considerábana pouco máis ca unha bostela. Unha bostela é algo que un ten que soportar ata que chega o momento de arrincala e botala lonxe. O señor e a señora Wormwood esperaban con ansiedade o momento de quitar de encima á meniña e botala lonxe, a ser posible a algunha vila dos arredores ou, incluso, inda máis lonxe.

Xa é malo que haxa pais que traten os nenos normais como bostelas e xoanetes, pero é moito peor cando o neno en cuestión é extraordinario, e con isto refirome a cando é sensible e brillante. Matilda era ambas as dúas cousas, pero, sobre todo, brillante. Tiña unha mente tan aguda, e aprendía con tanta rapidez, que o seu talento resultaría ben claro para pais medianamente intelixentes. Pero o señor e a señora Wormwood eran tan torpes, e es-



taban tan ensimesmados nas súas egoístas ideas, que non eran capaces de apreciar nada fóra do común nos seus fillos. Para ser sincero, dubido de que chegasen a notar algo raro se a súa filla aparecese na casa cunha perna rota.

Michael, o irmán de Matilda, era un neno do máis normal; pero a rapaza, como xa dixeran, chamaba a atención. Cando tiña un ano e medio falaba perfectamente, e o seu vocabulario era igual ao da meirande parte dos adultos. Os pais, en vez de loala, chamábanlle lingoreteira e berrábanlle severamente, dicíndolle que as nenas pequenas debían ser vistas pero non oídas.

13



Aos tres anos Matilda xa aprendera a ler soa, valéndose dos xornais e revistas que había na súa casa. Aos catro lía de corrido e empezou, da maneira máis natural do mundo, a desexar ter libros. O único libro que había naquel «ilustrado» fogar era un titulado *Cociña fácil*, que pertencía a súa nai. Despois de lelo de cabo a rabo, e de aprender de memoria todas as receitas, decidiu que quería algo máis interesante.



—Papá —dixo—, non me poderías comprar algún libro?

—Un libro? —preguntou el—. Para que queres un maldito libro?

—Para ler, papá.

—Que demo ten de malo a televisión? Compramos un precioso televisor de doce polgadas e agora

vés ti pedindo un libro! Estaste botando a perder, miña filla.

Os días de semana Matilda quedaba soa na casa case todas as tardes. O seu irmán, cinco anos máis vello ca ela, ía á escola; seu pai marchaba a traballar, e súa nai liscaba a xogar ao bingo a unha vila a oito millas de alí. A señora Wormwood era unha viciosa do bingo, e xogaba cinco tardes á semana. O día que seu pai se negou a comprarlle un libro, Matilda, pola tarde, saíu soa e encamiñouse á biblioteca pública. Ao chegar dirixiuse á bibliotecaria, a señora Phelps, e preguntoulle se se podía sentar un chisco e ler un libro. A señora Phelps, algo sorprendida pola chegada dunha nena tan pequena sen que a acompañase ningunha persoa maior, deulle a benvida.

—Onde están os libros infantís, por favor? —preguntou Matilda.

—Están alí, nos estantes máis baixos —indicou a señora Phelps—. Queres que che axude a buscar un bonito, con moitos debuxos?

—Non, graciñas —dixo Matilda—. Creo que hei poder apanarme soa.

Desde aquela, así que súa nai marchaba para o bingo, Matilda dirixíase todas as tardes á biblioteca.

O traxecto leváballe só dez minutos e quedábanlle dúas fermosas horas para devorar libro tras libro, tranquilamente sentada nun acolledor recuncho. Cando tivo lidos todos os libros infantís que había alí, comezou a buscar algunha outra cousa.

A señora Phelps, que a observara fascinada durante as dúas últimas semanas, levantouse e achegouse a ela.

—Pódote axudar, Matilda? —preguntou.

—Non sei que ler agora —dixo Matilda—. Xa lin todos os libros para nenos.

—Quererás dicir que miraches os debuxos, non?

—Si, pero tamén os lin.

A señora Phelps baixou a vista, desde a súa altura, cara a Matilda, e a nena devolveulle a mirada.

—Algúns parecéronme moi malos —explicou Matilda—, pero outros eran bonitos. O que máis me gustou foi *O xardín secreto*. É un libro cheo de misterio. O misterio do cuarto tras a porta pechada e mais o misterio tras o alto muro.

A señora Phelps non daba saído do asombro.

—Cantos anos tes exactamente, Matilda? —preguntoulle.

—Catro anos e tres meses.



A señora Phelps sentiuse máis abraiada ca nunca, pero tivo a habilidade de non o demostrar.

—Que clase de libro che gustaría ler agora?

—Gustaríame un bo de verdade, dos que len as persoas maiores. Un famoso. Eu non coñezo título ningún.

18 A señora Phelps ollou os estantes, paseniño. Non sabía moi ben que escoller. Como ía escoller un libro famoso, para adultos, para unha nena tan pequena? A súa primeira idea foi darlle unha novela de amor das que adoitan ler as mozolas de quince anos, pero, por algunha razón, non se detivo naqueles andeis.

—Proba con este —dixo finalmente—. É moi famoso e moi bo. Se che resulta longo, dimo e buscarei algún máis curto e un pouco menos complicado.

—*Grandes esperanzas* —leu Matilda—, de Charles Dickens. Gustaríame probar.

«Debo estar tola», dixo para si a señora Phelps; pero a Matilda animouna:

—Claro que podes probar.

Durante as tardes seguintes, a señora Phelps non lle quitou ollo de enriba á meniña, sentada hora tras hora na gran cadeira de brazos do fondo da sala, co libro no colo. Tiña que apoialo no colo porque era

demasiado grande para suxeitalo coas mans, o que a obrigaba a inclinarse cara adiante para poder ler. Resultaba insólito ver aquela pequerrecha de pelo escuro, cos pés colgando, sen chegar ao chan, totalmente absorta nas marabillosas aventuras de Pip e a señorita Havishman e a súa casa chea de arañeiras dentro do máxico feitizo que Dickens, o gran narrador, soubera tecer coas súas palabras. O único movemento da lectora era o da man cada vez que pasaba unha páxina. A señora Phelps sentía mágoa cando chegaba o momento de acercarse a ela e dicirlle: «Son as cinco menos dez, Matilda».

19



Unha tarde da primeira semana, a señora Phelps preguntoulle:

—Vénte buscar túa nai todos os días para levarte para a casa?

—Miña nai vai todas as tardes xogar ao bingo a Aylesbury. Non sabe que veño aquí.

20 —Pero iso non está ben —dixo a señora Phelps—. Creo que sería mellor que llo dixeses.

—Coido que non —replicou Matilda—. A ela non lle gusta ler. Nin a meu pai.

—Pero, que esperan que fagas toda a tarde nunha casa baleira?

—Ir dun lado para outro e ver a tele.

—Xa.

—A ela non lle importa nada do que fago —dixo Matilda con tristeza.

A señora Phelps estaba preocupada pola seguridade da nena cando transitaba pola concorrida rúa Maior e cruzaba a estrada, pero decidiu non intervir.

Ao cabo dunha semana Matilda rematou *Grandes esperanzas* que, naquela edición, tiña catrocentas once páxinas.

—Encantoume —comentoulle á señora Phelps—. Escribiu outros libros o señor Dickens?

—Moitos! —exclamou a asombrada señora Phelps—. Queres que che elixa outro?

Durante os seis meses seguintes, e baixo a atenta e compasiva mirada da señora Phelps, Matilda leu os seguintes libros:

Nicholas Nickleby, de Charles Dickens.

Oliver Twist, de Charles Dickens.

Jane Eyre, de Charlotte Brontë.

Orgullo e prexuízo, de Jane Austin.

Tareixa, a de Urbervilles, de Thomas Hardy.

Viaxe á Terra, de Mary Webb.

Kim, de Rudyard Kipling.

O home invisible, de H. G. Wells.

O vello e o mar, de Ernest Hemingway.

O ruído e a furia, de William Faulkner.

Alegres compañeiros, de J. B. Priestley.

As uvas da ira, de John Steinbeck.

Brighton Rock, de Graham Green.

Rebelión na granxa, de George Orwell.

21

Era una lista impresionante. A señora Phelps estaba marabillada e excitada, pero probablemente fixo ben en non amosar o seu entusiasmo. Calquera



que fose testemuña dos logros daquela rapaza sentiríase tentado a armar un escándalo e a contalo pola vila, pero non a señora Phelps. Ela ocupábase só dos seus asuntos, e había xa tempo que descubri-
ra que rara vez pagaba a pena preocuparse polos fillos doutras persoas.

—O señor Hemingway di algunhas cousas que non entendo —comentou Matilda—. Especialmente sobre os homes e as mulleres. Pero, aínda así, encantoume. A forma como conta as cousas fai que me sinta coma se eu estivese observando todo o que pasa.

—Un bo escritor sempre te fai sentir desa maneira —explicou a señora Phelps—. E non te preo-

cupes polas cousas que non entendes. Deixa que te envolvan as palabras, como a música.

—Si, si.

—Sabías que nas bibliotecas públicas che permiten levar libros emprestados para a casa? —preguntoulle a señora Phelps.

—Non o sabía. E podería facelo eu?

—Desde logo —dixo a señora Phelps—. Cando teñas elixido o libro que queiras, tráemo para que eu tome nota, e é teu durante dúas semanas. Se queres, podes levar máis de un.

A partir de entón Matilda só ía á biblioteca unha vez por semana, para coller novos libros e devolver os anteriores. O seu pequeno dormitorio converteuno en sala de lectura. Alí sentábase e lía a maioría das tardes, a miúdo cunha cunca de chocolate quente ao lado. Non era o bastante alta como para chegar aos cacharos da cociña, pero ía buscar unha caixa que había nunha dependencia anexa á casa e subíase nela para chegar a onde desexaba. A meirande parte das veces preparaba chocolate quente. Primeiro botaba o leite nun cazo e poñíao ao lume, e despois, cando estaba quente, engadíalle o chocolate. De vez en cando preparaba «bovril» e «ovaltina».

Resultáballe agradable levar unha bebida quente e tela ao lado mentres pasaba as tardes lendo no seu tranquilo cuarto, na casa deserta. Os libros transportábana a novos mundos e amosábanlle personaxes extraordinarios, cunhas vidas excitantes. Navegou en tempos pasados con Joseph Conrad. Foi a África con Ernest Hemingway e á India con Rudyard Kipling. Viaxou por todo o mundo sen saír daquela viliña inglesa, sen se mover do seu pequeno cuarto.

